

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES REGULADORES DA LICITACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA DA CONCESIÓN DEMANIAL PARA O USO PRIVATIVO DOS POSTOS Nº2 E 8 DA PRAZA DE ABASTOS DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.009-CONPA17).

I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

CLÁUSULA 1ª.- OBJECTO.

A licitación ten por obxecto a concesión demanial do uso privativo dos postos da Praza de Abastos de Monforte de Lemos que a continuación se describen, na forma e coas condicións que no presente prego se establecen.

POSTO	CARACTERÍSTICAS
Nº 2	Superficie aproximada de 13,60 m ² . Dotado do equipamento contemplado no Anexo III. As actividades admisibles serán preferentemente todas as destinadas á venda de produtos do ramo da alimentación, o que non implica a apertura á venda doutros produtos que resulten compatibles coa citada actividade, non autorizándose en ningún caso actividades molestas ou insalubres.
Nº 8	Superficie aproximada de 19,95 m ² . O acondicionamento e equipamento do posto será a cargo do adxudicatario. As actividades admisibles serán preferentemente todas as destinadas á venda de produtos do ramo da alimentación, o que non implica a apertura á venda doutros produtos que resulten compatibles coa citada actividade, non autorizándose en ningún caso actividades molestas ou insalubres.

A concesión comprende a prestación do servizo de mercado nos postos obxecto de licitación. A concesión efectuarase individualmente para cada posto, non podendo ser a mesma persoa natural o xurídica adxudicataria de máis de dos postos. Neste último caso, para que o titular dun posto que acceda a un novo posto debería tramitarse a oportuna enténdese que automaticamente renuncia o seu anterior podendo ser aquel adxudicado ao seguinte licitador segundo orde decrecente de clasificación de ofertas.

En virtude da concesión, os adxudicatarios dos postos quedan obrigados a súa explotación.

A natureza da relación que vinculará o Concello e ao adxudicatario, será a propia dunha concesión administrativa de uso privativo de dominio público e de acordo co seu réxime xurídico que se cita.

O exercicio dos dereitos concesionais non implican, en ningún caso, o outorgamento por parte deste Concello cedente, de dereitos ou facultades dominicais.

CLÁUSULA 2ª.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO.

2.1.- Esta concesión de carácter administrativo rexerese polas cláusulas contidas no presente prego, que reviste carácter contractual, de obrigado cumprimento para os licitadores e posteriormente para o adxudicatario.

2.2.- A normativa patrimonial aplicable para o outorgamento da concesión obxecto deste Prego atópase nas seguintes disposicións:

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, que, de conformidade coa Disposición Final 2ª resulten de aplicación xeral e básicos (LPAP).
- Lei 7/1985, do 2 abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Artigos 78 e seguintes do Regulamento de bens das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño (RBEL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas. Resto de artigos da mesma que non sexan de aplicación xeral ou básicos, os cales poderán resultar de posible aplicación ás Entidades Locais, cun carácter supletorio en caso de existencia de lagoa xurídica.
- Principios extraídos do RD. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súas disposicións de desenvolvemento, para resolver dúbidas e lagoas que puideran presentarse (TRLCSF).
- Ordenanza municipal reguladora da taxa pola utilización do dominio publico local no mercado ou praza de abastos e nos seus espazos, servizos e anexos

Ademais terán carácter contractual os seguintes documentos:

- A proposta (Memoria explicativa e oferta económica) presentada polo licitador seleccionado.
- O documento no que se formalice a concesión.

En caso de discordancia entre o PCAP e calquera outro documento contractual prevalecerá o PCAP.

CLÁUSULA 3ª.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

O órgano de contratación que actúa en nome da Corporación é a Xunta de Goberno Local, en virtude das competencias delegadas por Decreto do Alcalde de 18 de xuño de 2015 (BOP nº 160 de 14.7.2015).

O mencionado órgano ten a facultade de adxudicar o correspondente contrato.

A Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, ostenta as prerrogativas de interpretar o presente contrato, resolver as dúbidas que ofrezca seu cumprimento, modifícalo por razón de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición a normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite será executivos, sen prexuízo do dereito do contratista a súa impugnación ante a xurisdición competente.

CLÁUSULA 4ª.- CANON DA CONCESIÓN.

O presente contrato non orixina gastos para a Administración.

O canon anual obxecto de licitación a alza, será de.-

POSTO	CANON ANUAL
Nº 2	571,20.-€
Nº 8	837,90.-€

Sobre o canon de adxudicación o Concello, respecto do posto nº 8 e como consecuencia da necesidade de dotar o mesmo polo adxudicatario do equipamento necesario para o normal desenvolvemento da actividade realizará as seguintes bonificacións:

- O primeiro ano de duración do contrato unha bonificación do 100 %.
- O segundo ano de duración do contrato unha bonificación do 50%.

Os licitadores poderán presentar proposicións referidas a un ou á totalidade dos postos.

O devengo producirase a partir da formalización do contrato. No suposto de que por causas alleas o concesionario, transcorrese un prazo superior a dous meses sen que se puxese en funcionamento desde a súa formalización do contrato, non se computará ese período a efectos de pago do canon, iniciándose o devengo en tal caso, desde a data en que se poña en funcionamento.

O prezo liquidarase anualmente de acordo co previsto na Ordenanza municipal reguladora da Taxa pola utilización do dominio publico local no mercado ou praza de abastos e nos seus espazos, servizos e anexos

CLÁUSULA 5ª.- RISCO E VENTURA DA CONCESIÓN.

A concesión outorgarase a risco e ventura do adxudicatario, e este non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías, danos ou prexuízos ocasionados nas súas pertenzas; e tampouco poderá esixir do Concello por ningunha circunstancia, que este asuma total ou parcialmente o eventual déficit de resultados da actividades.

O concesionario responde dos danos e prexuízos que cause a terceiros, como consecuencia dos produtos que expida así como, polos ocasionados ao ben obxecto da concesión.

CLÁUSULA 6ª.- GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA.

6.1.- Provisional:

Para tomar parte na adxudicación non é preciso constituír garantía provisional polos licitadores.

6.2.- Definitiva:

O licitador que presentase a oferta máis vantaxosa, constituirá dentro do prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES**, a partir do seguinte á recepción do requirimento efectuado pola Xunta de Goberno Local, unha fianza definitiva polo importe de 200,00.-€

Dita garantía definitiva poderá constituírse en calquera das formas establecidas no art. 96 do TRLCSP, cos requisitos establecidos no art. 55 e seguintes do RXLCAP.

A garantía definitiva responderá dos conceptos establecidos no art. 100 do TRLCSP.

CLÁUSULA 7ª.- PRAZO E DURACIÓN DA CONCESIÓN .

A concesión outórgase por un prazo de **CINCO (5) ANOS**, podendo ser ampliado por prórrogas sucesivas de 1 ano ata os DEZ (10) anos, Aínda que o prazo de concesión comezará a contar a partir da acta de inicio do contrato, no caso de non poder iniciarse a explotación do posto por causa de forza maior ou outras causas imputables ó Concello, a data de inicio do cómputo de dito prazo será a de posta en funcionamento da instalación.

A permanencia no uso privativo do dominio público transcorrido o prazo da concesión, non conferirá dereito algún ó concesionario que ocupará o dominio público por mera tolerancia.

Ó extinguirse a concesión, independentemente a causa que a produza, o concesionario estará obrigado a entregar as instalacións ó concello dentro dos 15 días seguintes, no estado de conservación e funcionamento adecuados, acompañando unha relación de tódolos bens existentes que deban reverter á propiedade municipal.

Unha vez cumprido o prazo concesional, o Concello, como titular dominical do solo e do espazo comercial, recuperará a titularidade do mesmo sen que o concesionario teña dereito a ningunha contraprestación económica ou indemnización por obras, instalacións ou melloras levadas a cabo e incorporadas ao posto.

En todo caso, unha vez rematada a concesión para a explotación do posto, o concesionario ten dereito a retirar do mesmo todo o mobiliario que aportase pola súa conta, tendo a obriga de deixar en perfectas condicións o equipamento detallado no Anexo III deste prego.

CLÁUSULA 8ª.- PROCEDIMENTO E FORMA DE ADJUDICACIÓN.

O contrato adjudicarase por PROCEDIMENTO ABERTO, de conformidade co disposto nos artigos 109.4, 150 e 157 a 161 do TRLCSP.

Os criterios que servirán de base para a adjudicación do contrato aparecen reflectidos na cláusula 13ª do presente prego de cláusulas administrativas.

CLÁUSULA 9ª.- CONTRATISTA.-CAPACIDAD PARA CONTRATAR.

Poderán optar á adjudicación do presente contrato persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursoas en algunhas das prohibicións de contratar que sinala o artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnico ou profesional. Respecto da acreditación da solvencia apuntada por parte dos titulares dos postos, dado o obxecto das actividades a desenvolver, esta solvencia xustificarse polos que resulten propostos para a adjudicación, do modo especificado na cláusula 17ª deste prego, mediante as altas fiscais e sociais que lles habiliten para o exercicio das actividades comerciais en cuestión, sen que, dada a natureza da concesión, se requira acreditación da solvencia económica

CLÁUSULA 10ª.- PUBLICACIÓN DA LICITACIÓN.

O órgano de contratación disporá as correspondentes publicacións de anuncios no BOP e no perfil do contratante do Concello de Monforte de Lemos.

O acceso público ó perfil do contratante efectuarase a través do portal do Concello na seguinte dirección: www.monfortedelemos.es.

II.- CLÁUSULAS DA LICITACIÓN.

CLÁUSULA 11ª.- OFERTAS DOS INTERESADOS.

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Monforte de Lemos (Campo de San Antonio s/n, CP. 27400 Monforte de Lemos-Lugo), en horas de 9:00 h a 14:00 h, dentro do prazo de **30 DÍAS HÁBILES** a contar desde o día seguinte á data de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia. Se o último día de prazo fora sábado ou festivo, este entenderase prorrogado ó primeiro día hábil seguinte.

A presentación poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo, nese caso o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax (982.40.48.12), telex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición no caso de que fose recibida fora do prazo fixado no anuncio de licitación.

Non obstante, transcorridos dez días naturais desde o remate do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

CLÁUSULA 12ª.- FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓN

As proposicións serán secretas e a documentación para a licitación presentarase en tres sobres pechados, sobre “1”, sobre “2” e sobre “3”. O **sobre “1”** denominado “documentación administrativa previa” conterá a documentación administrativa, o **sobre “2”** denominado “memoria descritiva da actividade a desenvolver” conterá aqueles criterios que dependen dun xuízo de valor, e o **sobre “3”** que recollerá a “proposición económica”. Todos eles estarán identificados no seu exterior, con indicación da licitación (posto) á que concorran e asinados polo licitador ou persoa que o represente, indicando o nome e apelidos ou razón social da empresa. No seu interior farase constar nunha folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

Os interesados poderán presentar ofertas referidas a un ou á totalidade dos postos, especificándose, no seu caso, a oferta correspondente a cada posto, e non poderán presentar máis dunha proposición por cada un dos postos.

No seu caso, se o licitador optara por presentarse a máis dun posto, presentará un único Sobre 1 coa documentación e requisitos que se indican neste apartado.

Por outro lado, se presentarán por cada posto un Sobre 2 e un Sobre 3.

Os interesados poderán examinar o prego e documentación complementaria no perfil de contratante do órgano de contratación e nas oficinas do Servizo municipal de Contratación.

A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego, sen excepción algunha.

A presentación da proposición deberase realizar nunha soa das dependencias administrativas de entre as varias que existan para poder levala a cabo, rexeitándose en caso contrario todas as presentadas polo licitador.

As proposicións serán secretas e se arbitrarán os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse á apertura en público das mesmas.

SOBRE Nº1.- Subtitulado “DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA PREVIA” no que se introducirán os seguintes documentos:

Neste sobre se incluírá, preceptivamente, os documentos que a continuación se relacionan.-

- **Declaración responsable conforme ao modelo que figura no Anexo II ao presente Prego.**

- **Unións temporais de empresarios.**

Un escrito de compromiso no que se indicarán: os nomes e circunstancias dos que a constitúan; a participación de cada un deles; a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato se deriven. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas que compoñen a unión.

No suposto de que o contrato se adxudicase a unha unión temporal de empresarios, esta acreditará a súa constitución en escritura pública, así como o CIF. asignado a dita unión antes da formalización do contrato. A duración da unión será coincidente coa do contrato, ata a súa extinción.

- **Xurisdición de empresas estranxeiras.**

As empresas estranxeiras deberán presentar declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponderlles.

A concorrencia destes requisitos debe ser acreditada na data de finalización do prazo de presentación das proposicións.

SOBRE Nº2: denominado “MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTIVIDADE A DESENVOLVER”.

Conterá unha memoria de explotación na que o licitador desenvolverá o seu proxecto de traballo para o desenvolvemento da actividade para a que licita.

SOBRE Nº3: denominado “PROPOSICIÓN ECONÓMICA”.

Conterá a oferta económica segundo modelo que se achega no Anexo I do presente prego.

CLÁUSULA 13ª.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Para a avaliación das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios obxectivos de adxudicación, directamente vinculados coa prestación obxecto do contrato:

- 1º.- Maior canon ofertado.....ata 50 puntos.
- 2º.- Memoria descritiva das actividades a desenvolver.....ata 50 puntos.

1º.- Oferta económica, 60 puntos (“Sobre 3”)

A valoración da oferta económica se efectuará asignando a máxima puntuación á oferta máis alta. O resto das ofertas puntuaranse proporcionalmente con respecto á mesma, aplicando a seguinte regra.-

$P = \frac{\text{Canon da oferta a valorar}}{\text{Canon da oferta máis alta}} \times PM$

P= Puntos da oferta a valorar.

PM=Puntuación máxima asignada á oferta económica máis alta.

2º.- Memoria descritiva da actividade a desenvolver, 40 puntos (“Sobre 2”).

Incorporarase unha memoria descritiva da actividade a desenvolver no posto da Praza de Abastos, acompañando os documentos necesarios que permitan a súa avaliación, e na que se sinalen, cando menos, os seguintes aspectos:

- 1) Descrición das actividades de venda que se pretendan desenvolver, dando prevalencia á implementación de actividades non existentes respecto das existentes na actualidade e, dentro daquelas as destinadas á venda de produtos de alimentación respecto das demais, podendo aportar os documentos que consideren necesarios a fin de avaliar a mesma.....máximo 20 puntos.
- 2) Proposta de inversións directamente relacionadas coa actividade na que se incluírán as obras de acondicionamento e equipamento do posto. Deberá achegar características técnicas, fotografías e deberán vir cuantificadas economicamente a prezos de mercado....máximo 15 puntos. **(*)En todo caso, o adxudicatario do posto nº 8 deberá facer un investimento inicial por un importe que cubra cando menos a contía obxecto de bonificación.**

- 3) Declaración do número de persoas que se dedicarán ao exercicio da actividade de venda no posto a utilizar no posto.....máximo 5 puntos

No suposto de empate, terá preferencia os criterios anteriormente sinalados, o primeiro (prezo) sobre o segundo (memoria). De persistir o empate, este resolverase mediante sorteo público.

CLÁUSULA 14ª.- MESA DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación integrada polos seguintes compoñentes:

- O Presidente, que será o Alcalde ou membro da Corporación en quen delegue ou o substitúa.
- Vogais:
 - A Concelleira Delegada de Réxime Interior ou membro da Corporación en quen delegue ou o substitúa.
 - O Secretario Municipal ou membro que legalmente o substitúa.
 - A Interventora Municipal ou membro que legalmente a substitúa.
 - A Axente de emprego e desenvolvemento local.
- O Secretario da Mesa, que será o Tax do Servizo de Contratación. No seu defecto, será designado polo Presidente, de entre os funcionarios afectos o Departamento de Contratación.

As súas reunións poderán incorporarse os funcionarios ou asesores especializados que resulten necesarios, os cales actuarán con voz pero sen voto.

Para a válida constitución da Mesa deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros e, en todo caso, o Presidente, o Secretario, e os dous Vogais que teñan atribuídas as funcións correspondentes o asesoramento xurídico e o control económico presupostario do Concello.

CLÁUSULA 15ª.- EXAMEN DAS OFERTAS

O acto licitatorio desenvolverase nos termos seguintes:

SOBRES A.- Os sobres A contendo a documentación administrativa presentados polos licitadores os abrirá a Mesa de Contratación en acto non público, unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas no lugar, día e data indicado no perfil do contratante municipal.

A Mesa comprobará dita documentación, declarando a admisión, inadmisión ou necesidade de subsanación dos defectos ou omisións que considere subsanables.

Se dita documentación presentada adoece de defectos ou omisións, se lles comunicará aos licitadores mediante fax e/ou correo electrónico, concedéndolles un prazo non superior a tres días hábiles para que corrixa ou subsanen as deficiencias, mediante escrito que deberán presentar no Rexistro Xeral.

SOBRES B.- No suposto de que non existan defectos na documentación incluída no Sobre A, a Mesa de Contratación na mesma sesión e en acto público procedera á apertura do sobre B.

No caso de que se apreciasen defectos na documentación do sobre A, unha vez subsanados os mesmos, a Mesa volverá a reunirse en acto público, previa convocatoria na que se indicará o lugar, data e hora da reunión e que se publicarán no perfil do contratante municipal. En primeiro lugar, darase conta aos asistentes do número de proposicións recibidas e do nome dos licitadores, comunicando o resultado da cualificación da documentación administrativa presentada no sobre A, con expresión dos licitadores admitidos e dos excluídos e das causas da súa exclusión, convidando aos asistentes a que formulen as observacións que estimen oportunas, que serán reflectidas na acta, pero sen que neste momento poda a Mesa facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas ou no de subsanación de defectos ou omisións.

A continuación, o Secretario da Mesa procederá, en acto público, á apertura dos sobres B contendo a Memoria descritiva da actividade a desenvolver presentados polos licitadores admitidos, a cal será entregada ao Servizo encargado da súa avaliación ao obxecto de que emita informe ao respecto, deixando constancia documental de todo o actuado.

SOBRES C.- Recibido o informe técnico que conterà a valoración das ofertas en canto aos criterios indicados, se publicará no perfil do contratante municipal a data e lugar no que se constituirá a Mesa de Contratación, co obxecto de dar a coñecer, en acto público, a ponderación asignada ás Memorias descritivas da actividade e proceder á apertura dos sobres C contendo a oferta económica. Acto seguido a Mesa procedera a súa avaliación e valoración e elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato a favor do/a licitador/a que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa de acordo cos criterios de adxudicación fixados no presente Prego, que incluirá a clasificación das proposicións presentadas por orde decrecente previa ponderación conxunta dos criterios indicados na cláusula 13ª deste prego.

III.- ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

CLÁUSULA 16ª.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

A mesa de contratación, previa solicitude e análise, no seu caso, dos informes técnicos ou xurídicos, que estime pertinentes relacionados co obxecto do contrato, presentará as proposicións coa acta correspondente e a proposta que estime pertinente o órgano de contratación para a adxudicación do contrato.

A proposta de adxudicación feita pola mesa de contratación non crea dereito algún en favor do licitador proposto fronte a Administración. Poren, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola mesa deberá motivar a súa decisión.

Non poderá declararse deserto o expediente cando exista algunha oferta admisible (artigo 151.3 do TRLCSP).

CLÁUSULA 17ª.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN.

Vista a proposta da mesa, o órgano de contratación clasificará as ofertas presentadas e admisibles por orden decrecente, en atención ós criterios de negociación e requirirá ó licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para o Concello, para que dentro dos dez días hábiles seguintes ó da recepción de dito requirimento aporte a seguinte documentación.-

- **Documento Nacional de Identidade**, cando se trate de empresarios individuais.
- **Escritura de constitución** ou modificación, de ser o caso, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscrita no Rexistro Público que corresponda, se a empresa fose persoa xurídica.
- Escritura de **Poder**, se se actúa en representación doutra persoa e DNI do representante.
- **Declaración responsable** do licitador na que afirme baixo a súa responsabilidade que non se atopa incurso en prohibición de contratar, conforme ao art. 60 do TRLCSP.
- Constitución da **garantía definitiva** na Caixa do Excmo. Concello polo importe fixado na cláusula 6.2 deste prego (200,00.-€).
- Copia do **carné de manipulador de alimentos** expedido pola autoridade competente, de resultar o caso.
- Os documentos que acrediten a **solvencia económica-financeira e técnico-profesional**.

Deberá aportarse a alta no IAE da persoa proposta como concesionaria para o exercicio da actividade ou actividades ás que destinará o posto. Así mesmo, aportarase alta da persoa, ou persoas encargadas da súa explotación na Seguridade Social.

Engadiranse certificacións administrativas expedidas polos órganos competentes nas que se acredite que os concesionarios propostos se encontran ao corrente das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado e co Concello de Monforte de Lemos. Achegarase, no seu caso, o xustificante do último recibo sobre o IAE.

Todo de acordo e nos termos precisados polos arts. 13 e ss do RD. 1098/2001, de 12 de outubro.

- Para as empresas non comunitarias, os requisitos do art. 55 do TRLCSP, e as para empresas non españolas, de estados membros da Unión Europea, a acreditación da capacidade de conformidade co art. 58 do TRLCSP.
- Para as empresas estranxeiras, a declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante. Así mesmo presentarán a documentación traducida de forma oficial ao castelán de acordo co art. 23 do RXLCAP.

Os licitadores poderán indicar a súa inscrición no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia, achegando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o artigo 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos (sempre que estean vixentes), sen prexuízo de que a administración poda solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Os licitadores inscritos deberán presentar unha declaración responsable sobre a vixencia dos datos anotados no Rexistro de Licitadores. Se se producise alteración dos datos rexistrados farase mención expresa na citada declaración, unindo a documentación correspondente.

Toda a documentación á que se refire a presente cláusula, deberá ser orixinal ou copia debidamente autenticada.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas (art. 151.2 TRLCSP).

CLÁUSULA 18ª.- ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación á que se refire o artigo precedente.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta o proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no presente prego.

CLÁUSULA 19ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte á data de recepción da notificación de adxudicación na forma prevista no artigo 151.4 do TRLCSP, o documento administrativo de formalización da concesión, ao que se unirá un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e, de habelo, do de prescricións técnicas.

O Concello, asinado o contrato, porá o posto á disposición do concesionario.

IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

CLÁUSULA 20ª.- RESPONSABLE DO CONTRATO.

De conformidade co disposto no artigo 52 do TRLCSP, o Concello poderá nomear, de entre os seus funcionarios, un responsable do contrato, con funcións de supervisión da correcta execución da prestación. As instrucións ditadas en interpretación do contrato por dito responsable, serán vinculantes para o adxudicatario.

CLÁUSULA 21ª.- OBRIGACIÓNS DO CONCESIONARIO.

1.- A utilización do posto farase polo titular da concesión, quen poderá ser auxiliado por familiares ou por persoal asalariado debidamente facultado para tal actividade, debendo cumprir tódalas obrigas legais vixentes en materia laboral e de seguridade social.

2.- O concesionario estará obrigado a conservar en perfectos estado todas as instalacións e equipamento adscrito a concesión, destinándoas exclusivamente ao uso pactado, e a realizar pola súa conta todas as reparacións que resulten necesarias, e a devolvelos ao termo da concesión, no mesmo estado en que as recibiu.

3.- O titular da concesión poderá efectuar no posto as obras e instalacións que sexan necesarias para o normal desenvolvemento da actividade e non causen prexuízo á Praza de Abastos, sempre que teñan a preceptiva autorización municipal. Ditas obras revertirán ao Concello o termo do prazo da concesión.

A solicitude de realización de obras e/ou modificación de instalación presentárase por escrito no Rexistro Xeral de documentos do Concello, dirixida ó Alcalde e indicando os pormenores da mesma.

4.- Cantas persoas traballen no posto da Praza de Abastos, terán a obriga de posuír o carné sanitario, actualizado, para manipuladores de alimentos, naqueles supostos en que o mesmo sexa esixido pola normativa aplicable.

5.- Tódolos manipuladores de alimentos que traballen no posto da Praza de Abastos terán a obriga de exhibir o carné sanitario, cantas veces se lle requira, aos funcionarios habilitados para elo.

6.- Considéranse prácticas prohibidas para as persoas que traballen no posto:

- a) Fumar ou comer dentro do posto e non adoptar as medidas hixiénicas sobre os alimentos.
- b) Manipular os alimentos sen estar en perfectas condicións de hixiene persoal.

7.- Que o posto se manteña nas adecuadas condicións de aseo, orde e limpeza, evitando a produción de cheiros, e o aspecto contrario á boa presentación dos mesmos, procedendo a recollida de residuos sólidos e sendo da súa conta os gastos orixinados por esta obriga.

8.- Que as superficies de uso público, fronte ao posto que cada titular ocupe, se atopen en perfecto estado de limpeza.

9.- O titular do posto consentirá forzosamente a execución das obras de interese común ou necesarias non seus locais para o funcionamento dos servizos que acorde o concello, sen dereito a reclamación ou indemnización algunha.

10.- O titular da concesión asumirá, ademais, o seguinte conxunto de obrigas:

- a) Abrir e pechar o posto puntualmente, segundo o horario que estableza a Autoridade municipal.
- b) Exercer a actividade comercial exclusivamente dentro do posto, non podendo situar vultos nos corredores e lugares comúns.
- c) Responder dos danos que eles mesmos, os seus familiares ou os seus dependentes causasen no posto, nas instalacións ou no edificio da Praza de Abastos.
- d) Vestir correcta e aseadamente a indumentaria apropiada.
- e) Atender aos compradores coa debida amabilidade e deferencia.
- f) Conservar no seu poder os albaráns xustificativos das súas compras.
- g) Estar en posesión de Follas de Reclamacións.
- h) Indemnizar a terceiros polos danos que poidan producir durante a prestación do servizo.
- i) A abandonar e deixar libre e vacuos, a disposición do Concello, dentro do prazo, os bens obxecto da concesión, recoñecendo a potestade desta para acordar e executar por si o lanzamento.

11.- O destino que se asigne ao posto de venda no acto de adxudicación, que será coincidente co recollido na Memoria descritiva da

actividade, non poderá ser alterado sen autorización previa. O incumprimento suporá a perda da concesión, previo o trámite legal, sen indemnización de ningún xénero.

12.- Os titulares e dependentes dos postos de venda de alimentos deberán procurar, inescusablemente:

- a) Que os platillos dos pesos e balanzas se atopen en perfecto estado de limpeza, funcionamento exacto e adecuado. Esixirase papel de peso inapreciable que impida o contacto dos xéneros cos pesos e balanzas.
- b) Que o papel empregado na envoltura de alimentos se atope en perfectas condicións de hixiene, polo que se recomenda o uso de papel branco autorizado, novo e limpo, prohibíndose o uso de papel de xornal e similares.
- c) Que os distintos produtos alimenticios reúnan as condicións sanitarias acordes coa normativa de aplicación.
- d) Que os alimentos a comercializar presenten condicións organolépticas adecuadas e estean considerados como “produto legalmente autorizado”, demostrable ante inspectores e consumidores: provedor autorizado, etiquetado e envasado normalizados, así como marchamos, tarxetas e guías sanitarias no seu caso.
- e) Que os alimentos susceptibles de consumo directo, non envasados, estean protexidos por unha vitrina ou envoltura autorizada.
- f) Que os alimentos conxelados se expendan só en postos autorizados expresamente e que dispoñan do equipo adecuado para non romper a cadea do frío de conxelación.
- g) Que a exposición de alimentos se realice en recipientes autorizados e limpos (aceiro, plástico, materiais dun só uso, etc.).
- h) Que exista separación apropiada entre produtos elaborados e non elaborados, entre carnes e queixos, entre carnes de distinto tipo, así como de calquera outro alimento incompatible.
- i) Que os xéneros non sexan manoseados polos compradores.
- j) Que as tarefas de limpeza e desinfección sexan utilizados e produtos autorizados, que se gardarán illados dos alimentos.
- k) Que os desperdicios e desfeitos sexan introducidos en recipientes autorizados.
- l) Os comerciantes están obrigados a exhibir á inspección sanitaria, policía local e Concelleiro/a-delegado/a cantos artigos comercien ou almacenen para a venda, incluso os depositados en armarios, cámaras, neveiras, envases, etc.

- m) Os comerciantes non poderán opoñerse ao recoñecemento polos funcionarios habilitados para elo dos artigos que indica o número anterior, nin a súa inutilización, no caso de que esta Inspección os declare non aptos para o consumo.
- n) O funcionarios habilitados para elo, poderán recoller ou mandar recoller na súa presenza, cantas mostras estime necesarias, aténdose en canto ao procedemento e cantidade ao preceptuado na lexislación vixente.

13.- Serán, así mesmo, de conta do concesionario os seguintes gastos.-

- Os gastos relativos a consumo de auga, electricidade, gas, e calquera outro derivado do desenvolvemento da actividade serán de conta do concesionario. Igualmente serán de conta do concesionario as taxas e impostos que se devenguen como consecuencia da realización da actividade.
- Os gastos de anuncios derivados da licitación ata o límite máximo de 600,00.-€

CLÁUSULA 22ª.- OBRIGAS DO CONCELLO.

1.- Manter ao concesionario no goce pacífico da porción do dominio que ocupa.

2.- Prover os servizos de vixilancia, limpeza, conservación e mantemento das instalación de común utilización.

3.- Dotar os servizos xerais de contador de auga e eléctrico independente de cada posto. O Concello, de ser o caso, procederá a dar de alta o oportuno contrato da luz que os concesionarios satisfarán directamente á empresa subministradora.

4.- Prestar o auxilio da Policía Local en caso de alteración da orde pública, así como a prestar a protección debida ao concesionario para a perfecta prestación.

CLÁUSULA 23ª.- FACULTADES DO CONCESIONARIO.

1.- Todo titular adxudicatario ten dereito a utilizar os bens de dominio público municipais necesarios e que lle foron autorizados para realizar as súas actividades en debidas condicións.

2.- Percibir as contraprestacións correspondentes polo exercicio da actividade.

3.- O adxudicatario do posto de venda poderá ceder os dereitos que recaian sobre o mesmo previa autorización por parte do Concello, e de acordo coas seguintes prescricións:

a.- En caso de falecemento do titular do posto, poderán continuar o cónxuxe ou, na súa falla, os seus fillos.

b.- Autorízanse cesións que poidan ter lugar de pais a fillos ou viceversa e entre cónxuxes.

c.- Tamén se autoriza a cesión preferente ó traballador asalariado, previa xustificación do contrato laboral e certificación da seguridade social.

d.- Durante a vixencia da concesión tamén poderá traspasarse a terceiros, a petición escrita do cedente e adquirente, presentada no rexistro de entrada, que deberá consignar os datos persoais de ambos, actividade a implantar e documento a expedir pola Tesourería de inexistencia de débitos co Concello derivados da actividade. Nestes casos o traspaso non pode reportar cantidade económica algunha ao cedente.

4.- A cesión non poderá supoñer ampliación do prazo de concesión, subrogándose o novo adxudicatario nos dereitos e deberes do cedente polo tempo que reste.

5.- Os novos adquirentes deben reunir as condicións de capacidade esixidas para outorgar orixinariamente a concesión.

Non obstante o anterior, antes de autorizar calquera traspaso, o concello poderá exercer o dereito de tanteo.

CLÁUSULA 24ª.-POTESTADES DO CONCELLO.

Co fin de garantir o correcto funcionamento do servizo, o Concello de Monforte de Lemos poderá exercer as seguintes potestades:

- Inspeccionar en todo momento os bens obxecto da concesión, así como as construcións e instalacións da mesma.
- Deixar sen efecto a concesión antes do vencemento do prazo, se o xustificasen circunstancias sobrevidas de interese público mediante resarcimento dos danos que se causaren, ou sen el cando non procederan.
- As demais previstas no presente prego e cantas outras lle autorice a lexislación vixente.

CLÁUSULA 25ª.- EXTINCIÓN DA CONCESIÓN.

As concesións extinguíranse:

- a)-Por vencemento do prazo.
- b)-Por perda física ou xurídica do ben sobre o que foron outorgadas.

- c)-Por desafectación do ben.
- d)-Por mutuo acordo.
- e)-Por rescate.
- f)-Por resolución xudicial.
- g)-Por renuncia do concesionario.
- h)-Por caducidade.
- i)- Por extinción da personalidade xurídica da empresa adxudicataria.
- j)- Pola causa prevista no apartado 21.6.o) deste prego.
- i)-As demais previstas na lexislación vixente e neste prego.

A extinción da concesión nos supostos indicados anteriormente require resolución administrativa, previa á tramitación do expediente.

CLÁUSULA 26ª.- REVERSIÓN.

Ó termo do prazo da concesión, reverterán á Corporación as instalacións obxecto da concesión.

Cando finalice o prazo do contrato, os bens obxecto da concesión reverterán á Administración, debendo o adxudicatario entregar as obras e instalacións a que estea obrigado con arranxo ao contrato e no estado de conservación e funcionamento adecuados.

Durante o período de tempo anterior á reversión, que será de tres meses, o órgano competente da Administración adoptará as disposicións encamiñadas a que a entrega dos bens se verifique nas condicións convidadas.

CLÁUSULA 27ª.- INFRACCIÓNS E SANCIONES.

O Concello poderá impor penalidades polos incumprimentos do contratista que se especifican neste Prego.

O adxudicatario admite e recoñece especialmente a natureza obrigacional destas penalidades.

As penalidades serán impostas pola Xunta de Goberno Local, previa instrución dun expediente pola Alcaldía, no que constarán as seguintes actuacións:

- a) Informe do Responsable do Contrato ou dos servizos municipais dando conta dos feitos.
- b) Audiencia do contratista por prazo mínimo de dez días hábiles.

Os incumprimentos do adxudicatario que podan dar lugar a penalidades se clasifican en moi graves, graves e leves segundo se detalla a continuación:

1.- Se consideran infraccións moi graves:

- a) O cumprimento defectuoso das prestacións obxecto de concesión do servizo público.
- b) O incumprimento das obrigas do concesionario establecidas no presente prego
- c) O peche do posto obxecto do contrato por prazo superior a tres meses, contados dende o requirimento do Concello.
- d) A cesión, subarrendo ou traspaso total ou parcial do posto sen autorización previa e expresa do Concello.
- e) O impago das taxas correspondentes.
- f) A prestación manifestamente defectuosa ou irregular da concesión do servizo por incumprimento das condicións establecidas.

2.- Se consideran infraccións graves:

- a) A inobservancia das prestacións axeitadas para evitar situacións perigosas.
- b) O incumprimento de acordos ou decisións municipais sobre variacións do obxecto da contratación, que non supoñan maiores gastos para o contratista.
- c) O defectuoso cumprimento dos actos ditados pola Administración Municipal no exercicio das súas potestades, e o incumprimento dos mesmos salvo nos casos tipificados como faltas moi graves.
- d) A falta de aseo e limpeza.
- e) O incumprimento das obrigas laborais e de seguridade social, co persoal do servizo.
- g) A reiterada comisión de faltas leves.

3.- Se consideran infraccións leves: todas as demais non previstas anteriormente e que conculquen de algún modo as condicións establecidas neste Prego, en prexuízo leve do contrato de concesión de servizo público dos postos do Mercado de Abastos obxecto da presente contrata.

4.- Importe das penalidades:

As infraccións serán obxecto das seguintes penalidades:

- Leves:multa de ata 500 euros.
- Graves: multa de 501 a 2.000 euros.
- Moi graves:.....multa de 2.001 ata 6000 euros ou extinción da concesión.

A garantía definitiva constituída responderá do pago das penalidades, estando en todo caso obrigado o concesionario ao seu reaxuste.

5.-Prescrición: As sancións impostas por infraccións prescribirán da seguinte forma:

- Infraccións leves o ano.
- Infraccións graves aos dous anos.
- Infraccións moi graves aos tres anos.

CLÁUSULA 28ª: PRAZO DE GARANTÍA

Establécese un prazo de garantía de UN MES, a contar desde a data de recepción o conformidade. Se durante o prazo e garantía se acreditasen a existencia de vicios ou defectos na prestación da concesión de servizo público, ou danos a terceiros ou a propia Administración Municipal imputables á execución do contrato, o órgano de contratación terá dereito a reclamar o contratista a subsanación dos mesmos se fose suficiente.

Rematado o prazo de garantía sen que a Administración Municipal haxa formalizado algún dos reparos ou denuncia a que se refire o parágrafo anterior, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada.

O contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre as observacións que se formulen en relación co incumprimento da prestación contratada.

CLÁUSULA 29ª.- RESCATE.

O Concello de Monforte de Lemos terá a facultade de deixar sen efecto a concesión antes do seu vencemento, se o xustificasen circunstancias sobrevidas de interese público, mediante resarcimento dos danos cando proceda.

Monforte de Lemos, 1 de marzo de 2017,

Conforme,

O Alcalde,

O Tax,

José Tomé Roca.

José M^a Valcarce Rodríguez.

ANEXO I

PROPOSICION ECONOMICA PARA TOMAR PARTE NA LICITACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE USO PRIVATIVO DO POSTO Nº ____ DA PRAZA DE ABASTOS DE MONFORTE DE LEMOS.

D/Dª....., con DNI número, actuando en nome propio/en representación decon domicilio social en, con CIF número, conforme acredita mediante poder presentado ante o Concello, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, enterado da licitación para a concesión do uso privativo do posto nº..... da praza de abastos de Monforte de Lemos tomo parte no mesmo comprometéndome a facer uso do dominio público polo seguinte CANON ANUAL.-.....-€/anuais.

E todo elo de acordo coas condicións que se incorporan na proposta e no prego de cláusulas administrativas que acepto integramente.

En a de de 2017.

O LICITADOR,

Asdo.

(Lugar, sinatura e data)

(*) Entenderase que o importe das ofertas dos licitadores comprenden tanto o prezo como os tributos que sexan de aplicación, segundo as disposicións vixentes.

ANEXO II MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don....., con DNI n.º....., actuando en nome propio (ou en nome e representación da empresa, segundo poder bastante vixente ao día da data), DECLARA de forma responsable ante o Concello de Monforte de Lemos:

PRIMEIRO:

- Que a empresa,, con CIF N.º., con domicilio social en,foi constituída mediante escritura pública ante o Notario en o día, con número de protocolo

- Que D/Dª....., con D.N.I. n.º..... en representación da empresa....., con poder bastante outorgado por escritura de apoderamento ante o Notario en o día con número de protocolo ten poder bastante para representar á empresa en materia de contratación pública.

SEGUNDO: Que a empresa cumpre cos requisitos da cláusula 7ª para xustificar a solvencia económica, financeira e técnica.

TERCEIRO: Que nin o asinante da declaración, nin a persoa física ou xurídica á que represento nin ningún dos seus administradores ou representantes, áchase incursos en suposto algún dos referidos no artigo 60 do Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de contratos do sector público; que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da mesma ningún alto cargo aos que se refire a lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do goberno da nación e dos altos cargos da administración xeral do estado; que non está afectado o réxime de incompatibilidades establecido pola Lei 53/84, de 26 de decembro, nin ostenta ningún dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/85, de 19 de xuño, de réxime electoral xeneral. Así mesmo, o que subscribe fai extensiva a presente declaración ao seu cónxuxe ou, na súa caso, a persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva, así como aos descendentes menores de idade das persoas antes referidas.

CUARTO: Que a citada empresa atópase, nestes momentos, ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos en que estas se definen nos artigos 13 e 14 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de Contratos das Administracións Públicas, e non ten débedas tributarias pendentes de pago co Concello de Monforte de Lemos nos termos previstos no artigo 13.1.d) do Real Decreto citado anteriormente.

QUINTO: A declaración a que se refire o parágrafo anterior faise sen prexuízo da obrigaón de xustificar documentalmente ditas circunstancias, no suposto de resultar proposto para a adjudicación do contrato. Esta xustificación deberá realizarse no prazo de dez días hábiles a contar do requirimento que ao efecto realizará o Órgano de Contratación.


SEXTA: Autorízase expresamente ao Concello de Monforte de Lemos, para que, efectúe todas as comunicacións ou notificacións que puideran derivarse da presente contratación no seguinte.-

- Enderezo de correo electrónico.-
- Número de fax.-

E para que conste e forneza efectos no expediente ao que se refire a proposición á que se incorpora esta declaración responsable, asino a presente en a de de

Asdo.:.....

ANEXO III (EQUIPAMENTO)



EQUIPAMENTO POSTO Nº2.

- Cámara frigorífica KIDE 1260x2010 mm. C/EQUIPO KCRU-10-M-1-Z.
- Vitrina frigorífica panorámica 2800x1100 mm. MADESING.
- Moble aceiro inoxidable c/fregad. 5590x700 mm.
- Tajo troceo acero inox. e tabla de polietileno.
- Grifería con pedal mezclador para fregadeiro.

EQUIPAMENTO POSTO Nº8.

Na actualidade dito posto está totalmente rematado e cunha persiana de peche no seu fronte, carece de mobiliario e posúe as instalacións que a continuación se detallan.

- Termo acumulador
- Tomas de auga fría/quente no fronte do posto e lateral
- Cadro eléctrico
- Tomas eléctricas en varios puntos

